

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **22 de setembro de 2022**

Ás 17.10 horas do día 22 de setembro de 2022, reúnese a Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Popular:

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado don Miguel Antonio Cid Álvarez, do Grupo Popular (substituído por don Álvaro José Fernández López).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 21 DE XULLO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de xullo de 2022.

Non se producen intervencións e por maioría, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente do día 21 de xullo de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A ADOPCIÓN DE MEDIDAS URXENTES ANTE A SECA QUE AFECTA Á PROVINCIA DE OURENSE

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, dá lectura á moción do seu grupo.

D. Bernardo Varela López, do BNG, sinala que se trata dunha moción que nos ten que preocupar a todos polo que está sucedendo e polo que, con case toda a seguridade, vai seguir sucedendo nos próximos anos. Respecto ás propostas de acordo sinala que os puntos 1 e 3 ben poderían estar subsumidos no punto 4 e que nesta moción a Confederación Hidrográfica, na súa condición de organismo de conca na provincia, ten moito que dicir, xa sexa a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil ou a do Douro, xa que son as responsables das canles da provincia e xogan un papel moi importante na regulación das canles. Indica que, ademais, ben se podería engadir na moción unha petición xeral de instar a toda a veciñanza á redución do consumo de auga e non só ás administracións públicas. Sinala que é necesaria unha concienciación da sociedade sobre este problema, que se ve agravado pola existencia de comunidades de usuarios onde ao non haber contadores existe un exceso de consumo.

A **presidenta da comisión** indica que o seu grupo reserva o voto para o Pleno.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e a abstención do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1.- Instar á Xunta de Galicia a crear e dotar orzamentariamente un fondo extraordinario e urxente destinado a financiar medidas de axuda para as entidades locais da comunidade autónoma, co fin de facerlles fronte aos gastos derivados da subministración de auga potable en situacións de emerxencia producidas pola seca e outras adversidades climáticas.

2.- Instar á Xunta de Galicia á declaración urxente de ‘obra de interese da comunidade autónoma’, de todas as actuacións e obras precisas para asegurar o abastecemento de auga potable en todos os municipios da provincia de Ourense que teñan problemas estruturais para garantir un abastecemento estable durante todo o ano, así como a participar no financiamento destas obras e actuacións imprescindibles.

3.- Instar á Deputación Provincial de Ourense a poñer en marcha unha liña de axudas económicas para as entidades locais da provincia, que precisen desenvolver proxectos ou que teñan proxectos de obras de abastecemento de auga, co fin de participar activa e equitativamente no cofinanciamento destas obras de vital importancia para a veciñanza que a meirande parte de concellos ourensáns non poden executar pola falta de recursos económicos e técnicos.

4.- Instar á Xunta de Galicia, á Deputación de Ourense e ás confederacións hidrográficas do Miño-Sil e do Douro, á creación dun instrumento de cooperación, tanto técnico como financeiro, no que participen todas administracións públicas, co fin de proceder á avaliación, análise e execución de novas captacións de emerxencia para garantir a subministración de auga nos municipios da provincia que presenten problemas de abastecemento estable, así como para aplicar protocolos de detección de fugas e avarías. 5.- Instar a todas as entidades locais da provincia de Ourense á realización de campañas de concienciación entre a veciñanza sobre o uso responsable da auga; á adopción de medidas para a redución de consumos municipais; á prohibición do uso de auga potable para piscinas, baldeos, fontes ornamentais e regas, así como á execución de actuacións para a reutilización de fontes alternativas de subministración como a reutilización de augas rexeneradas.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, en relación cun proxecto anunciado en prensa hai escasos días por cinco balnearios da provincia e a Deputación, e polo que se van ofertar 1.000 sesións balnearias a 1 euro, pregunta se a Deputación vai colaborar economicamente neste proxecto, e aproveita para indicar que existe un erro no teléfono de contacto publicado na web.

A **presidenta da comisión** toma nota do erro detectado e indica que se trata dunha iniciativa dos propios balnearios a modo de campaña de promoción e de captación de clientes e no que non hai achega da Deputación.

D. Bernardo Varela López, do BNG, pregunta se existe algunha novidade en canto á licitación da xestión de Meisa, sinalando que neste ano o contratista se atopa en prórroga e

que nos próximos meses debe licitarse novamente a xestión. Pregunta tamén se existe algunha novidade respecto á construción do hotel balneario no Pazo Provincial.

A **presidenta da comisión** indica que non lle consta ningunha novidade nestes dous asuntos e que se as houbese serán remitidas por escrito.

E, ás 17.30 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.